

Estados do gastos:

Capítulo I	Gastos de Persoal	782.044,67
Capítulo II	Gtos. Bens Correntes e Serv.	838.323,81
Capítulo III	Gastos Financeiros.	6.000,00
Capítulo IV	Transferencias Correntes.	13.500,00
Capítulo VI	Investimentos Reais.	511.905,52
Capítulo VII	Transferencias de Capital.	9.500,00
Capítulo IX	Pasivos Fncieiros	12.270,00
TOTAL GASTOS		2.173.544,00

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 e seguintes da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de dita Xurisdición.

A Pobra de San Xiao, 11 de maio de 2017.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López

R. 1397

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o dezanova de abril de 2017, aprobou a **DESISTENCIA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE APERTURA E ATENCIÓN Ó PÚBLICO DOS MUSEOS INICIADO POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NUM. 25/773 Á VISTA DA RESOLUCIÓN DO T.A.C.R.C. NÚMERO 66/2015. APROBACIÓN DE NOVO PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACION DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE APERTURA E ATENCIÓN Ó PÚBLICO DA OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO, DOS CENTROS MUSEOGRÁFICOS MUNICIPAIS –CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA MURALLA, MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO, DOMUS DOS MOSAICOS, SALA DE EXPOSICIÓN PORTA MIÑÁ E CENTRO ARQUEOLÓXICO DE SAN ROQUE– E O PUNTO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DE VERÁN ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO E REGULACIÓN HARMONIZADA. EXP. REF. 13-2017**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento

c) **Obtención de documentación e información:**

1. **Dependencia:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento
2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.
3. **Localidade e C.P:** Lugo, 27002
4. **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.
5. **Telefax:** (982) 29-72-59.
6. **Correo electrónico:** contratacion@concellodelugo.org
7. **Dirección internet:** www.lugo.gal (Perfil do contratante)
8. **Data límite de obtención de información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

d) Número de expediente: 13/2017

2.- Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: servicios

b) **Descrición:** O obxecto deste contrato é a prestación do servizo de apertura e atención ó público da Oficina Municipal de Turismo, dos seis centros museográficos municipais: Centro de Interpretación da Muralla, Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL), Casa dos Mosaicos, Sala de Exposicións Porta Miñá e Centro Arqueolóxico de San Roque e o Punto de Información Turística de Verán, todo elo segundo o prego de prescricións técnicas elaboradas pola Sección de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

c) División por lotes: NON

d) **Lugar de execución/entrega:** Concello de Lugo, nos seis centros museográficos municipais

e) **Prazo de duración/ Prazo de execución:** A duración do contrato será de DOUS ANOS, a contar dende a data da acta de inicio do servizo que se levantará nun prazo máximo de un mes dende a formalización do contrato administrativo

f) **Admisión de prórroga:** Si, poderá ser obxecto de prórroga por períodos máximos anuais por mutuo acordo das partes adoptado con anterioridade ó remate do prazo inicial de vixencia, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de CATRO ANOS.

g) **Establecemento de acordo marco:** NON

h) **CPV :** 63513000-8 servizo de información turística.

3.- Tramitación e procedemento:

a) **Tramitación:** ordinario

b) **Procedemento:** aberto

c) **Criterios de adxudicación:** Ver cláusula décimo segunda dos pregos de cláusulas administrativas.

4.- Valor estimado do contrato: 2.056.650,99 euros

5.- Orzamento base de licitación (primeira anualidade)

467.420,68 euros máis o IVE (21%) o que fai un total 565.579,02 euros, IVE incluído

6.- Garantías:

a) **Provisional:** NON procede

b) **Definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Solvencia:** A sinalada na cláusula sexta do prego de cláusulas administrativas

b) **Clasificación:** Non é obrigatoria ver cláusula sexta do prego de cláusulas administrativa

c) **Outros requisitos:** Non

8. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

a) **Data límite de presentación:** 21 de xuño de 2017

b) **Modalidade de presentación:** formato papel.

c) **Lugar de presentación:**

1. **Dependencia:** Concello de Lugo nas Oficina do Rexistro ou enviadas por correo postal.
2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197
3. **Localidade e C.P.:** Lugo, 27002

d) **Admisión de variantes:**NON

e) **Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta:** 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) Data e hora: O terceiro día hábil seguinte ao remate do prazo de presentación de proposicións (26/06/2017) ás 12:30 h. agás modificación publicada con antelación no Perfil do contratante.

10.- Gastos dos anuncios: serán por conta dos adxudicatarios.

11.- Outras informacións: As que se recollen no prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.

12.- Obrigas contractuais esenciais. Este contrato ten condicións esenciais e especiais de execución establecidas nas cláusulas décimo quinta e décimo sétima configuradas como obrigas contractuais esenciais.

13.- Data de envío do anuncio ao Diario Oficial da Unión Europea: 12 de maio de 2017

Lugo, 12 de maio de 2017.- TENENTA-ALCALDE DA AREA, DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 1398

MURAS

Anuncio

APROBACION DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

En data 28 de abril de 2017 o Alcalde ditou a seguinte resolución:

1. "Visto o informe da traballadora social do concello, dona Lara Cabaleiro Rodríguez, no que detalla a relación de persoas usuarias do servizo, prezo hora/porcentaxe prezo hora e o número de horas que foron atendidas no mes de marzo de 2017.
2. Elaborados os padróns mensuais que conteñen as liquidacións da taxa pola prestación do servizo do SAF básica e SAF dependencia no mes de marzo 2017, en base aos datos facilitados pola Traballadora Social do concello.
3. Tendo en conta o establecido no artigo 21.1. f) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, que atribúe a esta Alcaldía o desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado.
4. RESOLVO:
5. PRIMEIRO.- Aprobar o padrón mensual da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondentes ao mes de marzo de 2017. O padrón correspondente ao mes de marzo consta de 52 contribuíntes (25 de libre concurrencia e 27 de dependencia) e un importe total de 4.978,05 € (3.086,48€ usuarios de dependencia e 1.891,57€ usuarios de libre concurrencia).
6. SEGUNDO.- Expoñer ao público os padróns aprobados, mediante a publicación de edicto no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, por un período de 15 días dende a publicación. Esta exposición servirá como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
7. TERCEIRO.- O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses dende a publicación do edicto de aprobación, transcurrido o mesmo procederase a exixir os xuros de mora e os recargos dacordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.
8. CUARTO.- Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e regulado no artigo 14.2 do R.D. lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto no B.O.P. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución."

Muras, 8 de maio de 2017.- O ALCALDE, Manuel Requeijo Arnejo

R. 1399

AS NOGAIS

Anuncio

BASES XERAIS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL, CON CARÁCTER PROVISIONAL OU TEMPORAL, PARA PRESTAR SERVIZOS AO CONCELLO DE AS NOGAIS.